


FIADDEIRO

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

LETRAS



GALLEGAS

17 - 5 - 2001

CEIP DE BELUSO



ÍNDICE

EDITORIAL

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

OS MÁIS PEQUENOS SABEN DE TRÁFICO

DEFINICIÓNS

O CROSS DE BELUSO VISTO POLO CICLO INICIAL

CARTA Ó AVÓ

A NOSA BIBLIOTECA

A NOSA MENSAXE

ANDRÉS O TRAVESO

ORIXE DA FESTA DE SANTA IFIXENIA

ENERXÍA EÓLICA

ENTROIDO

SEMANA CULTURAL

CONTOS

O CINE

AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS: O TEIXO

O AFIADOR

ANIMAIIS SALVAXES: A PITA DO MONTE

O BARCO DA ARDORA

A PESCA DA ARDORA

A CABALA

A CABALA E O XURELO NA COCIÑA

ENTREVISTA

VER O MAR

POESÍAS

DEPORTES

ENREDOS E PASATEMPOS



EDITORIAL

Este ano a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas a Eladio Rodríguez González, un poeta que tamén editou artigos en diversas revistas e estivo traballando na redacción do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, que non chegou a rematar.

O ano pasóusenos voando. Fixemos moitos amigos e os mestres axudáronnos moitísimo.

Para o próximo ano algúns estaremos no centro da ESO, aínda que nos gustaría seguir aquí. Botaremos moitas cousas de menos: os festivais, as clases de ximnasia, as excursións, os talleres e tódalas actividades que realizamos.

Tamén nos gustaría facer moitos amigos en Bueu, aínda que non olvidaremos ós que deixamos no colexio.

Esperamos que os rapaces que están agora en primeiro realicen dentro duns anos a Editorial do FIADEIRO con tanta ilusión como a fixemos nós.

Con moito agarimo e do todo corazón despedímonos os alumnos de SEXTO.

¡¡ATA SEMPRE, AMIGOS!!

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

O ano 2001 honra a memoria de Eladio Rodríguez González adicándolle o Día das Letras Galegas.

Nace na aldea de San Clodio, pertencente ó concello ourensán de Leiro, o 24 de xullo de 1864. O seu pai era un labrego humilde e a súa nai costureira.

De pequeno foi vivir á Coruña onda un tío. Alí asiste á escola. Regresa a San Clodio e imparte docencia nas dependencias do convento que hai no seu pobo. O mestre do lugar denuncia e ten que abandonar esta actividade.

Pronto manifestou interese pola poesía. Escribiu en moitos xornais e revistas e participou en varios certames literarios, gañando moitos deles.

En 1886 aparecen as súas primeiras colaboracións na revista ourensá “*O Tío Marcos d’a Portela*” e tamén nas revistas cubanas da emigración “*A Gaita Gallega*” e “*Galicia Moderna*”.

En 1888 vaise vivir para a Coruña e ingresa no concello como funcionario. Nese mesmo ano nace na Coruña o xornal “*La Mañana*”, do que será director.

En 1891 cácase coa coruñesa Josefa Yordi Visier.

O seu primeiro libro de poesía “*Folerpas*” sae á luz en 1894. Neste libro recolle varias das composicións premiadas en varios certames literarios ós que se presentara.

Ó longo de toda a súa vida escribiu artigos en máis de cincuenta revistas galegas e tamén nas editadas na emigración tanto en Bos Aires como na Habana.


O seu interese na defensa da cultura galega e o amor que sentía por Galicia levouno a traballar e colaborar en tódalas institucións ou entidades que representaban e defendían a entidade do país. Formou parte da Liga Gallega (1897), foi membro da Irmandade da Fala (1916), colaborou nas publicacións máis importantes da época e foi presidente do coro Cántigas da Terra (1917). Con motivo da presentación deste coro galego (12-7-1917), Eladio escribiu a composición do mesmo nome da que

reproducimos o seu último fragmento:

“Cántigas da terra” (*fragmento*)

...

Son tonadas enxebres
que dan a propia sensación da aldea.
Así como as compuxo
nas horas melancónicas ou ledas
a musa popular, alma dos pobos,
así, sin máis adorno, hastra nós chegan
nas aas da tradición, dadas en dote
dos pais ós fillos como sagra herencia...
Por eso fan afervoar o sangue
si na i-alma nos entran;
e por eso, ó sintilas, se nos meten
alá nas entretelas.
Son as cántigas nosas
que a donde van gabanzas recolleitan.
¡Son o tesouro musical da raza
i-o patrimonio artístico da terra!



Na Festa da Poesía e da Música Gallega celebrada en Lugo (1918), foron premiados os seus poemas “*Alma da raza*” e “*¡Malpocado!*”.

En 1922 publica un libro de poemas: “*Raza e terra*”. Nel recolle doce composicións poéticas.



O 20 de outubro de 1926 foi elixido presidente da Academia Galega. Estivo á fronte desta institución só ata 1934 porque solicitou a renuncia por motivos de saúde.

O 14 de abril de 1949 morreu na cidade da Coruña. Os seus restos repousan no cemiterio coruñés de San Amaro.

OBRA:

Estas son algunhas das obras que publicou en poesía, como xornalista e como lexicógrafo:

POESÍA:



“Xan labrego”

Xan Labrego é un malpocado,
 Xan Labrego é un probe Xan.
 A vida de Xan Labrego
 non se acaba de axeitar.
 Érguese con noite pecha,
 déitase con noite xa,
 dorme n'unha pallugada
 sin ter máis leito que o chau,
 labra terras... de seu dono,
 que cuáseque ermas están,
 pois deixáronllas a medias
 para que as poña de bon dar,
 dend'a mañán hastr'a noite
 non solta o ligón da mau,
 brega moito, come pouco,
 pasa fame, vive mal...
 E Xan Labrego, emporeso,
 sigue sendo un pobre Xan...
 ¿Quén dixo que Xan Labrego
 é o que debera mandar?
 Xan Labrego non quer mando,
 quer soilo vivir en paz,
 quer ser un home barudo,
 quer que o deixen traballar,
 quer que ó chegal-o consumo
 non lle carguen tanto a mau,
 quer que, no seu, non-o apurren
 como se apurran os cás...
 Porque Xan Labrego é un home
 que si desprende a berrar!...

O día que á Xan Labrego
 lle pete non ser máis Xan,
 as aldeas serán donas
 das cibdás.



XORNALISTA:

Desde moi novo estivo ligado ó campo xornalístico: colaborador, redactor e director de diversas publicacións coma:



LEXICÓGRAFO:

Manifestou un constante interese filolóxico, non só no cultivo da poesía senón tamén na investigación lexicográfica que levou a cabo ó longo de case medio século elaborando unha recolleita de termos, frases, locucións, refráns...



5º A

OS MÁIS PEQUENOS SABEN DE TRÁFICO

¿QUE É UN PEÓN

- ❖ Son xente, homes e mulleres que andan, os nosos pais.(4 anos)
- ❖ Son as señoras.(3 anos)
- ❖ Andan, cruzan, pasean e paran ós coches (5 anos)
- ❖ Corren pola rúa e saltan (4 anos)

¿QUE É UN PASO DE PEÓN? ¿PARA QUE SERVE?

- ❖ Son unhas raias brancas e negras para que non te pillen os coches. (5 anos)
- ❖ É para andar amodiño e para correr un pouco, senón atropellante. (5 anos)
- ❖ Non pasan os animais. (4 anos)
- ❖ Están polas rúas e tráfico ponnos alí para que pase a xente. (4 anos)

¿CÓMO HAI QUE IR DENTRO DO COCHE

- ❖ Non se pode ir diante porque podemos chocar e saír voando como unha gaivota .(5 anos)
- ❖ En Beluso pódese ir diante porque non andan os gardas. (5 anos)
- ❖ Un día había un policía e eu escondinme debaixo . (5 anos)
- ❖ Hai que ir sentado e co cinturón, e se non hai policía hai que sacalo .(3 anos)
- ❖ Diante. (3 anos)
- ❖ Eu vou de pé (3 anos)
- ❖ Cando veño ó cole vou diante e cando vou levar ó meu pai vou detrás.(3 anos)
- ❖ Vou sentada e de pé, as dúas cousas.(3 anos)
- ❖ Os nenos non van diante, só as mulleres.(3 anos)

¿PARA QUE SERVE O CASCO?

- ❖ Para que non caia nada na cabeza.(5 anos)
- ❖ Para que non poñan multas. (3 anos)
- ❖ Para que se rompa o casco e non a cabeza. (5 anos)
- ❖ Meu irmán ten un casco para andar na bici, pero non o usa nunca.(3 anos)

¿QUE SON OS SINAIS DE TRÁFICO

- ❖ Son para non facer accidentes e para parar. (5 anos)
- ❖ Din que non se pode adiantar nin correr.(5 anos)
- ❖ Serven para andar arredor.(4 anos)
- ❖ Son ferros que lle din á xente que vaia polos sitios .(5 anos)
- ❖ É como un “donete”. É un triángulo que o pon a policía .(4 anos)
- ❖ Son unhas flechas.(4 anos)
- ❖ Cando se vaia para á praia o sinal di que vaia para á praia.(4 anos)
- ❖ Ten letras e di STOP. (4 anos)

¿PARA QUE SERVEN OS SEMÁFOROS

- ❖ É un pau verde moi grande e ten que cambia-las cores para pasa-los coches. Cando está vermello non se pasa, cando está verde, si. (5 anos)
- ❖ En Beluso non hai semáforos porque ó mellor teñen os coches moita prása e non poden pararse.(5 anos)
- ❖ En Beluso non hai semáforos porque non hai sitio para poñelos.(4 anos)
- ❖ En laranxa corres, en verde vas amodiño e en vermello paras.(4 anos)
- ❖ En laranxa hai que pasar amodo.(5 anos)
- ❖ A miña nai pasou un día un semáforo en vermello e eu aviseina.(3 anos)

¿QUE FAI UN POLICÍA DE TRÁFICO

- ❖ Poñer multas se:
 - o semáforo está en vermello e o coche pasa a toda leche (5 anos)
 - un coche non está ben aparcado(3 anos)
 - as motos non levan casco (4 anos)
- ❖ Os policías deteñen ós que non pagan as multas.(4 anos)
- ❖ Eu xa sei para que serven os gardas: van cando hai algunha misa e vai moita xente. (5 anos)
- ❖ Para decirlle ós coches por onde teñen que pasar.(4 anos)
- ❖ Coidan os semáforos. (4 anos)
- ❖ Están alí, onde non queren o tren ,ó lado da igrexa. Eu vin cen policías,(5)
- ❖ Póñense no medio da rúa cun pito como os árbitros.(4 an)
- ❖ Eu vin unha moto de policía pola acera.(3 anos)

DEFINICIÓNS


O AVÓ

O avó é unha persoa importante para min. O avó é moi vello e ten barba branca. Sempre vai á misa ás oito da tarde ou da mañá.



A VACA

Unha vaca é un animal grande e gordo. Ten cornos e come herba e da leite.



BAILE

- É cando moves o esquelete ó son da música e poste ledo e feliz.
- Movemento que fai a xente cando soa a música para divertirse.
- É un salón que ten unha orquestra e tocan para que as parellas bailen arrexuntadas ou soltas e despois no descanso van tomar unhas copas á cantina.




BRUXA

É unha señora que adiviña o teu futuro e tamén bota as cartas. É mala e fai encantamentos e sortilexios. Danos medo ós nenos. Ten un gorro puntiagudo, unllas longas e no nariz ten unha verruga. Vai dacabalo dunha vasoira, é vella e sempre vai vestida de cor mouro.



Ciclo
Inicial

O CROSS DE BELUSO VISTO POLOS NENOS E NENAS DO PRIMEIRO CICLO




O cross foi o día 25 de marzo de 2001. Empezou ás 10 da mañá. Había moitos coches aparcados por tódalas partes e moita xente de fóra. Reunímonos tódolos da nosa idade no patio cuberto dos maiores. Hai 21 anos que se celebra. Eu participei tódolos anos. Sempre o paso moi ben correndo cos meus compañeiros do colexio e tamén veñen nenos doutros colexios a competir con nós

A saída foi sobre as doce desde a serra de Camilo, todos estabamos nerviosos. Eu saín despacio para correr

forte ó remate, pero tropecei cunha pedra e caín ó chan. Eu corrín cos mini-benxamíns e non gañei pero non me importou porque o intentei, e o importante é participar.

Ó rematar a carreira o profesor deunos unha tarxeta para mercar refrescos e un iogur e tamén gominolas. Se gañas subes ó palco e o director dache unha copa .

Foi un día de festa para tódolos nenos, a min o que máis me gustou foi que o luns non houbo colexio.



Carta do avó

Para saber como se divertía a xente de antes falei coa miña avoa, contoume que cando era unha rapaza xuntábanse tódolos rapaces da aldea e xogaban A PARTIDA: contaban e o que lle tocaba quedar tiña que coller a todos, e o primeiro que chegaba ó sitio de partida era o gañador.

Meu avó di que antes se lle daba moito máis aprecio ás cousas e todo era máis bonito que agora, non tiñan ordenadores, nin television, nin maquiñas que che reviran os ollos. Meu avó xogaba Ó PATEIRO, afiaban un pau por ámbalas dúas puntas e con outro pau golpeaban a punta para que saltara e así golpealo no aire para lanzalo o máis lonxe posible

O meu outro avó di que xogaba ás canicas, pero con pedras que eran redondas. Tamén cando topaban un aro de barril colliano e facíanlle unha guía cun ferro, así inventaban un xogo: o ARO. Xogaban tamén ó trompo e facían pelotas con calcetíns vellos cheos de trapos. Outra cousa que non sabía era que facían guerras cos do barrio veciño tirando con tutelos (cachos de canas abertos polos dous lados) as sementes do loureiro

Teño outra historia máis da miña avoa de Cabalo, contoume que facían festas nas eiras con panderetas e música e que ían cantar polas casas dos veciños, os máis vellos tocaban a gaita e os xoves cantaban



O que lles gustaba eran as ROMARÍAS, saían a comer xuntos, cada un levaba unha cousa, meu avó sempre levaba o viño, e comían no chan, ó final compraban rosquillas de poste. Meu avó di que antes si había compañeirismo e unión de familias.

Ciclo
Inicial

A NOSA MENSAXE: " SALVÉMO-LO NOSO PLANETA "


A clase de 3º A unímonos a todas esas miles de persoas que se interesan por axuda-lo Noso Planeta, para que non siga a contaminarse, aportando o noso gran de area.

Datos de interese:

- Se seguimos envelenando e maltratando o medio ambiente, a Terra pode perder o seu equilibrio para sempre.
- A contaminación, o gran avance das zonas desérticas, o acoso a especies animais e vexetais, a superpoboación e a pobreza nos

que nos protexe dos raios perigosos do sol.

- O Noso Planeta ten sede. Case a metade dos habitantes do mundo non teñen auga potable.
- Cada ano pérdense 25.000 millóns de toneladas de terra fértil, convertíndose en zonas desérticas. Unha das causas disto é a gran cantidade de compoñentes tóxicos que se mesturan coa terra.
- Os incendios forestais acaban anualmente con millóns de quilómetros de monte.



países menos desenvolvidos son unha ameaza seria e real.

- A temperatura da atmosfera aumenta 0'33 graos cada década debido á contaminación. De seguir así, os glaciais continentais poden chegar a derreterse pouco a pouco; deste xeito o nivel da auga do mar medraría uns 6 cm. cada 10 anos, inundando ó cabo do tempo gran parte da superficie habitada polo home.
- Unha gran ameaza: os clorofluorocarbonos (presentes nos sprays, sistemas de refrixeración, etc.) que destrúen o ozono, que é o

- Os 25 mellores caladeiros do mundo estanse quedando sen peixes, debido á contaminación das súas augas e tamén á pesca ilegal e excesiva.
- Estímase que ó día pérdense 40 especies animais para sempre.

Entre todos buscamos as seguintes solucións:

- Prantar máis árbores.
- Evitar os incendios forestais.
- Protexer e coidar a tódalas especies animais e vexetais que se atopan en perigo de extinción.
- Controlar máis a caza e a pesca ilegais.

- Instalar en tódolos pobos e cidades diferentes contenedores para papeis e cartóns, para botellas de vidro, para botes de aluminio, etc., para despois reciclalos.
- Poñer depuradoras e filtros nos sumidoiros e nas chemineas das fábricas.
- Utilizar enerxías non contaminantes como a do sol, a da auga, a do vento.
- Utilizar máis o transporte público, para aforrar enerxía e contaminar menos.
- Aforrar auga.
- ETC. ETC.

3º A

O MAGO ANTÓN E OS SEUS AMIGOS

Nun gran castelo vivía un mago chamado Antón. Como non tiña amigos sempre estaba cun morcego, e entre os dous tentaban reparar unha máquina do tempo.

Cando o conseguiron foron ó planeta Marte e atoparon uns marciáns. Primeiro os marciáns os raptaron, despois o mago presentouse e dixo que viña en son de paz. Tamén lles mostrou ó seu morcego.

Finalmente caéronse ben e fixéronse moi amigos. O mago invitounos a vir ó planeta Terra, e eles dixeron que si.

Montaron todos na máquina e viñeron vivir para o castelo do mago Antón.

Os marciáns nunca máis quixeron marchar, pois o mago tódolos días os sorprendía cos seus trucos.

Salvador Brión Bello 3ºA



OS HOMES DO MILLO

Un día, unha familia foi pasa-lo verán a unha granxa. Esa granxa tiña unhas grandes extensións de terra nas que colleitaban millo.

O primeiro día a familia repartiuse as tarefas que tiñan que facer. Repartiron todo o traballo menos o de recolle-lo millo.

Cando xa estaban na cama a nai deuse conta que faltaba por recolle-lo millo, entón mandou ó fillo e á filla para recollelo.

Os dous rapaces chegaron ó campo do millo de noite pechada. De repente, empezaron a oír estraños ruídos e asustáronse moito. Cando ían para a granxa atopáronse cuns homes con cabeza de calacú que querían levalos.

E cando os homes do millo xa os tiñan agarrados para levalos, os rapaces despertaron moi asustados, e déronse conta de que todo era un soño.

Jessica Barreiro Barreiro 3ºA

ENERXÍA EÓLICA

A enerxía eólica é unha forma indirecta de enerxía solar, xa que son as diferencias de temperatura e de presión inducidas na atmósfera pola absorción da radiación solar as que poñen en movemento os ventos. Calcúlase que un 2 % da enerxía solar recibida pola Terra convírtese en enerxía cinética dos ventos. A cantidade de enerxía correspondente é enorme: uns 30 millóns de TWh por ano, ou sexa, 500 veces o consumo mundial de enerxía en 1975. Así, é difícil concebir na actualidade a explotación dunha parte notable deste potencial. En efecto, sería necesario cubrir as terras emerxidas e as superficies mariñas con enormes motores eólicos. Nestas condicións as aplicacións da enerxía eólica limitaríanse a utilizacións locais

– a un nivel de potencia de algúns KW a algunhas decenas de MW- ou ben a un papel de fonte complementaria na alimentación das redes eléctricas. As zonas máis favorables para a implantación de grandes motores eólicos son as rexións costeiras e as grandes estepas, onde ventos constantes sopran regularmente: é necesaria unha velocidade media do vento superior a 30 km/h.

AS TÉCNICAS DE CONVERSIÓN


Distínguense dúas grandes categorías de motores eólicos, que difiren pola disposición do seu eixo: horizontal e vertical. Os motores eólicos de eixo horizontal son os máis extendidos; esixe unha orientación continua do seu eixo, que ten que estar paralelo á dirección do vento; so nesta posición as aspas o as pás estarán cara ó vento. Os pequenos motores eólicos de eixo horizontal (de 0'5 a 50 KW) soen estar equipados con gran número de pás, en cuo caso pertencen ó tipo americano que é de feito o tipo de numerosos muiños tradicionais, como o muiño de Baleares. Este tipo de motor eólico ten a vantaxe de que pode funcionar con ventos frouxos.

Os de eixo horizontal están equipados con hélices de dúas ou tres pás. Estes muiños de hélice beneficiáronse dos progresos técnicos da aeronáutica para a realización de pás moi grandes de ata 100m de lonxitude e poden suministrar potencias elevadas de 100KW a varios MW. Só funcionan ben cando sopran ventos de velocidade media ou forte. O seu

principal problema é a fatiga mecánica dos elementos estruturais que desembocou na rotura de pás en motores eólicos experimentais.

OS PROGRAMAS EN CURSO

No mundo están en servizo varios centenares de miles de pequenos motores eólicos, en particular en E.U.A., para aplicacións agrícolas; en cambio, os grandes motores eólicos dependen aínda de programas de investigación anque o seu estudio comezou en 1931 en Crimea os soviéticos puxeron en servizo un motor eólico de 100 KW cunha hélice de 31 m de diámetro e en 1941 no estado de Vermont os norteamericanos instalaron un motor eólico de 53 m de diámetro cunha potencia de 1250 KW. A partir de 1973, E.U.A. interesouse de novo polos grandes motores eólicos instalando novos e máis grandes motores eólicos. Canadá, Dinamarca, Francia, Alemania, e España con Galicia á cabeza realizan notorios esforzos en favor da enerxía eólica. En España o primeiro parque eólico de gran potencia inaugurouse en xuño de 1986 en Tenerife, integrado por 10 autoxeneradores cunha potencia de 300KW. Así mesmo instaláronse outros en distintos puntos de España. Galicia está na actualidade na primeira posición nacional en produción de electricidade procedente do vento e en sexta posición mundial.



María, Mónica, Neves, Ángel, Diego, Jorge 4ºB.

O ENTROIDO

Este ano celebramos a festa do Entroido o día 23 de febreiro. Fomos tódolos cursos disfrazados e pasámolo moi ben.

Fixemos un desfile polas rúas do centro de Beluso e comemos filloas, chulas, tortilla..., no patio cuberto todos xuntos. Tamén fixemos unhas comparsas por ciclos e cantamos as seguintes letriñas:

COMPARSA: 1º CICLO : "LOS PINOCHOS" **"VAYA MENTIRA"**

ESTÁ DE MODA QUE EN LOS AVIONES
BAILEN EL ROK TODOS LOS BAILONES,
Y LOS PILOTOS CON SU MOVIMIENTO
NOS LLEVAN BAILANDO A FAVOR DEL
VIENTO.

*VAYA MENTIRA, VAYA MENTIRA,
VA, VAYA MENTIRA, VAYA MENTIRA
VAYA MENTIRA
VAYA MENTIRA, MENTIRA ES.*

LOS ELEFANTES EN LA SELVA
VAN BUSCANDO COMO COMPAÑÍA
A LAS ELEFANTAS EN MINIFALDA
QUE BAILAN EL ROK TODIITO EL DÍA.

*VAYA MENTIRA, VAYA MENTIRA,
VA, VAYA MENTIRA, VAYA MENTIRA
VAYA MENTIRA
VAYA MENTIRA, MENTIRA ES.*



COMPARSA 2º CICLO **"OS EÓLICOS DE BELUSO"**



NO MORRAZO HAI POUCA ENERXÍA,
CADA DÍA TEMOS APAGÓN
POR ISO AGORA CHEGAMOS NÓS
PA POÑER EN BELUSO SOLUCIÓN

*DAREMOS VOLTAS,
VOLTAS DAREMOS,
E ASÍ PROBLEMAS COA LUZ
XA NON TEREMOS (BIS).*

CONFIADA EN NÓS NO FUTURO
TRÁTASE DE NON CONTAMINAR
ASÍ CANDO SAIAMOS DA ESCOLA
XA TEREMOS ONDE TRABALLAR

DAREMOS...

ESTAREMOS NO CUME DE HERMELO
RECOLLENDO ALÍ O VENDAVAL
QUE SE VÉN COMO O DESTE ANO
A NÓS TOCARANO-LA MORAL.

DAREMOS...

COMPARSA 3º CICLO: "OS CAROTAS"

XA ESTAMOS NO TEMPO
DE CONTAR HISTORIAS
QUE ESTABAN TAPADAS
Ó LONGO DO ANO.

QUEREMOS DICIRVOS
QUEN É O CULPABLE
DE TANTO TRABALLO
QUE TEMOS NA CLASE.

***O CULPABLE É O TITOR,
QUE NOS MANDA TRABALLAR
SEN DEIXARNOS DESCANSAR
DURANTE A SEMANA.***

***TEMOS LIBROS QUE ESTUDIAR,
MOITAS CUENTAS QUE FACER,
NON PODEMOS NIN XOGAR,
¡IMOS ENFERMAR!.***

NESTE COLE CHOVE,
CHOVE, CHOVE, CHOVE,
NO PATIO CUBERTO,
NA PORTA DA ENTRADA.

CHOVE DÍA E NOITE
NESTA NOSA CASA
E O CONCELLO XORDO,
¡PASA, PASA, PASA!.

TEMOS EN RUÍNAS
MUROS E ALAMBRADAS
DIN QUE NON HAI CARTOS
PARA RESTAURALAS.

***A VER SE COA CANCIÓN
POR FIN NOS VAN ESCOITAR
E DEIXAN DE PROMETER
O QUE NUNCA NOS VAN DAR.***

***TEMOS MOITO QUE PEDIR
MOITO MÁIS TIÑAN QUE DAR
E XA NOS IMOS CANSAR
DE TANTO ESPERAR.***



**COMPARSA
DE
EDUCACIÓN INFANTIL**

IMOS A CONTA-LA HISTORIA, TRALARÁ
IMOS A CONTA-LA HISTORIA, TRALARÁ
IMOS A CONTA-LA HISTORIA.

AÍNDA NON HABÍA LUME
AÍNDA NON HABÍA LUME.
VIVIAMOS NAS CAVERNAS, TRALARÁ
VIVIAMOS NAS CAVERNAS, TRALARÁ
E CHEGAMOS ATA AQUÍ.

AQUÍ ESTAMOS OS ROMANOS
AQUÍ ESTAMOS OS ROMANOS.
E TAMÉN O NOSO CÉSAR, TRALARÁ
E TAMÉN O NOSO CÉSAR, TRALARÁ
PARA ENSINARVOS LATÍIN.

TAMÉN OS DA IDADE MEDIA
TAMÉN OS DA IDADE MEDIA.
VIVIAMOS EN CASTELOS, TRALARÁ
VIVIAMOS EN CASTELOS, TRALARÁ
LOITABAMOS ATA O FÍIN.

REMATAMOS ESTA HISTORIA, TRALARÁ
REMATAMOS ESTA HISTORIA, TRALARÁ
E XA NOS IMOS DE AQUÍ.

SEMANA CULTURAL

No noso colexio xa se vén celebrando durante 14 anos unha Semana Cultural que está organizada polo Claustro de Profesores e a Asociación de Pais de Alumnos do colexio. A deste ano celebrouse entre os días 25 e 30 de marzo.



Como tódolos anos a Semana Cultural comeza coa celebración do Cross de Beluso. Este ano era a XXI edición do Cross. O éxito de tantos anos ininterrompidos celebrando este evento está na numerosa colaboración de veciños de Beluso e de exalumnos do colexio. Nótase que é unha actividade que a xente do pobo non quere que desapareza.

Na Semana Cultural deste ano houbo unha serie de actividades como:

- **Teatro**, a cargo do Grupo de teatro do colexio de Beluso.



- Presentación e primeira actuación do Grupo de **Rondalla** do colexio.
- Dous obradoiros: un de **zoquería**, a cargo de Manuel Calzado, de Tebra (Tomiño) e outro de **cordoería**, impartido pola mestra redeira de Beluso M^a. Asunción Piñeiro.



- Unha sesión de **contacontos** para os alumnos do 1º ciclo de primaria.
- Unha mañá dedicada a **Fútbol-Sala** entre os equipos alevíns dos colexios de Cela, Bueu e Beluso.
- Charla-coloquio sobre as “**viaxes polo mundo**”, a cargo do mestre de Bueu, Tito Otero.
- Como remate da Semana Cultural, tivemos, no salón de actos da Casa do Pobo de Beluso, unha sesión de **maxia, humor e cancións**, a cargo do mago ourensán Tanito.

Ó longo de toda a Semana Cultural houbo unha exposición de traballos manuais feita polos alumnos que asisten ás actividades realizadas polas tardes no colexio. Tamén houbo outra exposición sobre obxectos de diferentes culturas do mundo, cedida polo mestre Tito Otero.

Esperamos que estas actividades se sigan celebrando tódolos anos e que poidamos seguir contando coa desinteresada colaboración dos veciños de Beluso e das casas comerciais de todo o Concello.



CONTOS

O NENO CHAMADO PAUL

Unha vez un neno tiña a sensación de que era un mago. O seu nome era Paul.

Un día, Paul, ó regresar do colexio, viu unha gran festa. Era moi estraña. Os nenos eran pequenos e feos. Cando foi ver un neno que se semellaba a el, os outros que estaban ó seu arredor empezaron a berrar a carón del.


-¡Fóra, fóra!- dicíanlle, ata que... ¡bum!, un ser de forma de cabalo apareceu da nada.

O ser tiña o cabelo moi longo e os seus ollos eran de cor verde.

Os que o rodeaban empezaron a berrar e berrar ata que desapareceron.

O neno, asustado, foi correndo á súa casa. Corría e corría como se fora para salvar a súa vida.

Ó acabar de cear un chuletón de tenreira galega, Paul foi á súa cama e atopouse co ser de ollos verdes que lle salvara a vida ó vir da escola.



De repente, o ser xa non estaba. Outra vez asustado, dixo:

-¡Deben ser imaxinacións miñas!

Pero non eran imaxinacións, era real.

Ó día seguinte, Paul intentaba non recordar o que ocorrera o día anterior, pero quería contarlle ós seus amigos o que ocorrera, sen embargo non puido dicirullo.

Ó outro día os seres díxéronlle que era un **mag**o como eles.

Entón o neno tivo que irse a un mundo moi estraño. Xa estaba nunha escola onde os magos aprendían cousas moi interesantes.

Miguel 5ºA

O PEQUENO TOBI

Tobi era un can recién nacido. Os seus pais eran dálmatas e os seus irmáns tamén. Sponse que os dálmatas teñen pintas, pois el non as tiña. Tobi deprimíase porque non era coma os seus irmáns, el quería ser igual cós dálmatas, branco e con pintas negras, non só branco como era el.

Os seus amigos metíanse con el e os seus irmáns tamén. El dicíalles:

-¡Calade dunha vez, deixádeme en paz!, pero eles seguían.

Un día, cando ían paseando pola acera, Tobi mirou no chan pintas negras e pensou: “se me tumbo, pode que esas manchas negras se poñan na miña pel e serei coma tódolos dálmatas”. E así o fixo, pero os seus pais cando o lamberon desapareceron as pintas.

Tobi ía un día pola rúa e manchouse de barro. Cando chegou á casa os seus pais díxéronlle: “¿xa te manchaches outra vez?, pero cando lamberon o barro ¡non sabedes o que ocorreu!, ¡¡Tobi tiña manchas!!”. Por fin era igual cós seus irmáns. Tobi quedou moi contento de ser un dálmata

Andrea Otero 3ºB



CORAL E O MAR

Coral escoitaba embelexada as historias que o seu pai lle contaba do mar. Anselmo era un home de corenta anos que reflectía no seu rostro o sol, o vento e os temporais de vinte anos de traballo por tódolos mares do mundo.

Estaban en Udra, era o 16 de abril de 1991, sentados nun piñeiral con vistas ó mar, Coral escoitaba atentamente.

A súa nai, Lola, non se explicaba como unha nena de once anos podía mostrar semellante interese polo mar. Os temporais e os naufragios eran os temas preferidos de Coral. Sempre preguntaba ó seu pai polo tamaño das ondas, polo balanceo do barco e polo medo dos mariñeiros.

Aquela tarde, Anselmo aconsellou a Coral algo que non esquecería na súa vida: “Cando o mar se enfurece non hai que loitar contra el. O mar é demasiado forte e só podes deixarte levar”.

-Pero papá, ¿por qué dis iso se ti nunca naufragaches?

-Ata agora non naufraguei, pero teño visto como o mar se tragaba a homes que presumían de moi valentes e devolvía a outros que parecían máis cobardes.

En febreiro de 2003, a pesares de tódolos obstáculos, Coral conseguiu aquilo polo que levaba loitando tanto tempo. Tiña vintetrés anos e era a primeira muller que se enrolaba como mariñeira nun barco do Gran Sol.

Na cuberta do Barco “Praia de Mourisca”, Coral notaba a suave brisa do noroeste. Saíran do porto de Marín e ó chegar á altura de Cabo Udra recordou, inevitablemente, o consello que lle dera o seu pai doce anos atrás e o naufragio uns días máis tarde no medio dun temporal cando faenaban no Gran Sol. Desde ese día,

Coral prometeu enfrontarse ó mesmo mar que lle roubara ó seu pai. Ninguén quería enrolar a unha muller como mariñeiro, pero ela non parou ata demostrar que podía traballar como calqueira home.

Coral era unha muller alta e delgada, pero forte como correspondía a unha monitora de natación que levaba dez anos practicando este deporte.

O inverno de 2003 foi un continuo temporal, semellante ó inverno do 2001.

Cando ó mediodía deixaron atrás a illa de Ons, a brisa do noroeste converteuse nun forte vento con ondas de ata catro metros que abaneaban o barco como se fose un barquiño de papel. Pero Coral loitara demasiado para embarcarse e non pensaba rendirse agora por un pequeno temporal.

Despois dunha semana de duro traballo o temporal do sur levantaba ondas de ata oito metros con fortes rachas de vento que facían imposible a pesca.


Ninguén se explicaría cómo o “Praia de Mourisca” foi bater contra unhas rochas cando intentaba refuxiarse do temporal.

Todo sucedeu moi rápido. Por sorte, Coral tivo os reflexos necesarios para poñerse o traxe salvavidas e saltar ó mar. Tratou de nadar sen saber moi ben cara onde, pero coa forte oleaxe era imposible avanzar. De súpeto, recordou o consello que lle dera o seu pai: “cando o mar se enfurece non hai que loitar contra el. O mar é demasiado forte e só podes deixarte levar”.

Horas máis tarde o helicóptero de salvamento da mariña irlandesa rescatou a Coral. Nese momento deuse conta de que ela era a única supervivente.


Nunca falou disto con ninguén, nin sequera coa súa nai, pero ela sabía que fora seu pai quen aquela madrugada de febreiro salvara a súa vida.

Irene 6ªA



O BRUXO MÁXICO

Había unha vez un bruxo que facía maxia. Un día o bruxo, como estaba moi aburrido de estar na súa casa, decidiu saír ó campo. No camiño atopouse cun rato e o bruxo converteuno nunha formiga. Nese momento comezou a chover e o bruxo foise para a súa casa a facer experimentos.



Non se acordou da pobre formiga e con tanta chuvia morreu afogada.

Andrea Novoa 1º

AS CATRO HEROINAS

Sara, Raquel, Ánxela e Clara eran catro rapazas normais, sempre ían á escola con ganas de aprender.

A Clara gustáballe facer debuxos, a Raquel gustáballe escribir, a Sara ler e a Ánxela as matemáticas. Polo que se mira, estas rapazas tiñan moito gusto.

Cando anoiteceu as catro pecharon a porta da biblioteca e foron á casa de Raquel. Hoxe dormirían alí, aínda que mañá terían que ir ó colexio.

Ó día seguinte, despois de tomar un bo almuerzo, saíron camiño do colexio, pero aquilo non ía ser así, ían levar unha grata sorpresa.

Ó chegar á rúa onde se atopaba o colexio pasou algo increíble: unha gran claridade cubría todo e, de súpeto, como saída da nada, aparecéuselles unha fada que lles dixo:

-¡Hola!, por fin atopeivos.

-¿Atoparnos? – dixo Raquel.

-Por suposto que si. Como podedes comprobar son unha fada e veño darvos boas e malas novas. Veredes, rapazas, véñovos dicir que para o mundo vós sodes necesarias, posto que sodes as súas salvadoras, nada máis e nada menos que catro fabulosas guerreiras que loitarán fite a fite co demo Petty, que quere apoderarse do

Universo enteiro para facerse dono del. O que deberíades facer é loitar contra el e salvar este mundo.

-Raquel, ti representarás a Marte co poder do lume.

-Clara, ti a Mercurio co poder da auga.

-Sara, ti a Xúpiter co poder da terra.

-E ti, Ánxela, a Venus co poder do vento.

Así foi, unha vez dito isto a fada, as catro mozas transformáronse en catro fabulosas guerreiras, pero o demo tiña preparado o primeiro prato.

Ó chegar alí as catro mozas atopáronse cunha malvada meiga que lles botou un feitizo que non podían remediar e sufriron ó mirar como perdían a loita e a esperanza. Entón Sara moi anoxada dixo:

-¡Mala bruxa, nunca poderás acabar coa esperanza!.

Ánxela levantou unha gran ráfaga



de vento que acabou coa meiga.

Pero o demo non se rendeu, tamén lles preparou unha sobremesa e, de repente, aparecéuselles unha malvada bruxa e entón Clara dixo:

-Somos valentes e non nos renderemos así.

Mandoulle un chorro de auga que acabou con ela.

Agora só quedaba o demo. Raquel lanzou unha gran bola de lume e Sara un lóstrego. As dúas forzas mesturáronse e acabaron con Petty.

E así o mundo salvouse e as nosas heroínas viven xa en paz.

Raquel C., Clara e Irene 6ºA.

O cine

¿Quen nos ía dicir que aquel invento dos irmáns Lumière chamado cinematógrafo se transformase co paso do tempo nun dos máis importantes medios de comunicación da humanidade, ata ser considerado como un arte: “O Sétimo Arte”?

Para coñecelo un pouco máis, imos facer unha pequena lembranza histórica.

O cine propiamente dito nace no ano 1.895 en París. Alí os irmáns Lumière presentaron ante trintecinco espectadores os primeiros films chamados “Saída dos obreiros da fábrica” e “Chegada do ferrocarril”.

Días máis tarde presentaron a primeira película con argumento que se titularía “O regador regado”. En pouco tempo, o cinematógrafo difundíuse por todas partes, e a falta de salas para poder proxectalo, esto faise en teatros e circos ambulantes que van de feira en feira.

Pouco a pouco o cine vai introducíndose como espectáculo de diversión para a xente, como complemento de outras atraccións, ata que o francés Meliés, en 1.902, realizou a súa obra “ Viaxe a Lúa“ que tal foi o seu éxito que sería copiado por dous americanos para exhibilo en América. Tal comeza a ser o éxito do cine, empezáronse a facer películas por todo o mundo destacando desde o principio tres escolas. A francesa en que os temas son baseados en feitos policíacos “Fantómas”. A italiana con temas melodramáticos como “Asunta Spina”. A americana onde o tema baséase en epopeias do



oeste, “O asalto ó tren”.

Ó mesmo tempo iniciase en España as primeiras proxeccións, uns din que en Madrid, outros en Zaragoza ou na Coruña. Os primeiros films foron “Maniobras de artillería” e “Chegada dos tourea dores a praza de Madrid”... A primeira película que tivo un éxito popular foi a “Casa da Troia” de Pérez Luquín que era o mesmo autor da novela; logo viría “Currito de la Cruz” polo que vemos que o cine español seguiría a senda do folclorismo e o costumismo.



Na historia do cine debemos considerar varias etapas:

1ª etapa :

“**O cine mudo**”. No que destacaríamos grandes actores como Buster Keaton, Harold Lloyd, Stan Laurel e Oliver Hardy (O gordo e o fraco), e sobre todos eles Charles Chaplin tamen chamado “ Charlot “.

2ª etapa :

“ **O cine sonoro** “. No ano 1.927 o mundo do cine daría unha volta total ca aparición do son que sería o ocaso de moitos actores que baseaban a súa interpretación na mímica. A primeira película con son foi “ O cantante de Jazz”.

3ª etapa :

“**O cine en cor**“. Inda que é a finais dos anos trinta cando empeza a cor nas películas, será na década dos cincuenta e sesenta ca aparición do Cinemascope e o son estereofónico cando o cine alcanza o máximo de popularidade e produción.

O cine en Beluso

Co fin de coñecer un pouco a historia do cine en Beluso , un equipo de reporteiros de 5º B , trasladouse a entrevistar ó señor Xosé Casaleiro Dominguez, propietario da sala de cine que existiu no lugar.

– **¿Cando abriu o cine?**

– O cine abriuse o día 7 de Novembro de 1.956 . As obras do edificio comezaron un ano antes. Eu tiña daquela 34 anos .

– **¿Por que abriu o cine?.**

– Era unha ilusión miña porque me gustaba o cine e se o quería ver tíñame que desprazar fóra de Beluso . Ademais cumpría coa ansiedade do pobo de ter un lugar onde pasar as horas de ocio.

– **¿Como se chamaba o cine?.**

- O cine chamábase “**Cine Guerra**“. O nome ven dos meus bisavós que eran os de Guerra .

– **¿Quen lle deu a idea de abri-lo cine?** _ A idea é miña , iso si os cartos puxos meu pai , pero eu dirixín todo mentres existiu .

– **¿Cando cerrou o cine? .**

– O cine eu deixei no 14 de Xaneiro do 1.970 en que llo arrendei os irmáns Carballo que tiñan outro en Xeixo (Marín). Daquela o cine perdera moito debido á T.V. e a que a xente comezaba a ter coche para desprazarse e íase a Vigo , Pontevedra , etc.

– **¿Cal foi a primeira película?.**

– A primeira película foi “ Sucedeu na miña aldea“. A recadación dela foi íntegra para a xunta de beneficencia do concello de Bueu .

– **¿Que cabida tiña a sala? .**

- A sala era grande . Ó principio tiña unha cabida de 810 localidades que se repartían en : 200 en preferencia , 270 en butaca , 90 en anfiteatro e 250 en xeral ; pero logo redúcese o total a 490 localidades debido ós impostos e que a

xente ía menos . Ó principio a sala só se utilizaba para cine, logo usouse tamén para baile .

– **¿E de precios como andabamos? .**

– O cine daquela era moi barato as entradas variaban desde as 3 pesetas de xeral ás 5 pesetas de butaca . Ó final dúas ou tres pesetas máis .

– **¿Que tipo de máquinas utilizaba? .**

– A máquina daquela era das máis modernas : Unha “ Victor XX “ con proxector en Cinemascope que era o último .



– **¿Cantas sesións tiñan? .**

– Os sábados tiñamos unha sesión , os domingos dúas ou tres e os luns outra .

– **¿Había películas para os rapaces ou eran as mesmas? .**

– Normalmente as películas para os rapaces eran distintas . Era a sesión infantil .

– **¿Cal foi a película de máis éxito? .**

– Non se pode falar dunha soa, pois houbo varias películas de moito éxito : “Falsa obsesión “ , “20.000 leguas de viaxe submarino “ , “ La huída “ , “ El último cuplé “ , “ La violetera “ , “Ben Hur “ , “ La herida luminosa “ , “El nido de viboras“ , etc.

– **¿Que actores e actrices eran os favoritos? ,**

– Había moitos pero os máis eran : Richard Wirmand , John Wayne , Marlón Brando , Gari Cooper . Nas actrices : Sara Montiel , Ingrid Bregman

– **¿Gustaban máis as películas estranxeiras ou as españolas? .**

– Por un estilo , das estranxeiras as que máis gustaban eran as de vaqueiros . Das españolas as folclóricas e as de rapaces (Joselito) .

– **¿A xente que prefería a cor ou o branco e negro? .**

– Daquela preferían a cor .

– **¿De onde lle viñan as películas? .**

– As películas viñan en sacas , principalmente de Vigo e A Coruña que era onde estaban as principais distribuidoras .

– **¿Tiña moita competencia? .**

– Daquela había moitos cines : Dous en Bueu (O Victoria e O Avenida) , en Cangas , en Moaña , en Xeixo , en Aldán , en Marín , ademais os de Pontevedra e os de Vigo .

– **¿Tivo algún problema coa censura? .**

– As películas xa viñan censuradas , a parte indicaban se eran para tódolos públicos ou non .

– **¿Que era o cine para Beluso? .**

– En realidade o que era ou debía ser : Un sitio onde a xente puidera verse , falar e pasar dúas horas de ocio e así coñecer outras vivencias .

Bueno pois por esta nada máis, moitas gracias señor Xosé por atendermos e ata a próxima .

5º- B

As árbores das nosas fragas

O TEIXO " *Taxus baccata* "

Da Clase das Coníferas e da familia das taxáceas, o teixo é a única especie desta familia que vive silvestre. Podemos atopalo, tamén, en Asia, África do Norte e Illas Azores.

O teixo non sole formar bosques; normalmente atópase illado, como elemento secundario de diversas asociacións arbóreas, sobre todo nos barrancos das montañas, preferentemente nos lugares sombríos e nas ladeiras orientadas ó norte.

Aínda que en épocas anteriores prosperaba nas chairas, hoxe refuxiase nas serras nos ambientes suaves e húmidos. A pesares diso, o teixo é de cultivo doado, prospera en tódolos terreos e pódese recortar sen sufrir ningún dano, de aí a súa presenza nos parques onde se pode contemplar con múltiples formas. No Parque de Ferrol, no de Viveiro e no de Lugo atópanse exemplares de bo tamaño. Salientamos dous exemplares de 1,30 e de 0,90 m de diámetro, na finca dos Sres. De Tenreiro en Pontedeume.

É unha árbore que pode vivir moito tempo; pódense atopar exemplares centenarios na devesa de Rogueira na serra do Caurel e en Pena Trevinca onde existe un bosque puro dunhas catro hectáreas.

O teixo é unha árbore de casca parda avermellada, igual ca súa madeira. Ten ramiñas abundantes e horizontais e as follas son aciculares.

As inflorescencias masculinas teñen de seis a oito estames e as

femininas quedan reducidas a un solo óvulo envolto entre brácteas.

O teixo é unha árbore pezoñenta en tódalas súas partes, agás na cúpula carnosa de cor vermello ou amarelo que rodea a súa semente, sendo esta, tamén, velenosa. Segundo a tradición, esta planta foi inxerida polos celtas do Monte Medulio antes de caer nas mans dos romanos.

A madeira é de moi boa calidade e non podrece facilmente, polo que foi usada na construción de barcos. A súa resistencia ó paso do tempo fixo que fose empregada para os cadaleitos dos faraóns.



5° A

OFICIOS PARA UNHA LEMBRANZA

*Afiador andareiro
Que corre-la terra toda
Non pares no meu portelo
Que non quero home con roda*

O AFIADOR

O afiador é un dos oficios máis tipicamente galegos e, ó mesmo tempo, un dos mellores localizados xeograficamente, xa que tódolos afiadores que percorren a península proceden da provincia de Ourense, e máis concretamente do Concello de Nogueira de Ramuín. É frecuente que este oficio coincida na mesma persoa có de “Paragüero”. En calquera caso as normas de aprendizaxe, as formas de traballo e o estilo dos seus desprazamentos son os mesmos.

A vida do afiador é esencialmente nómade; percorre o mundo detrás da “roda” en “tarazana”, o seu principal instrumento de traballo. Vai montada sobre unha estrutura de madeira eponse en movemento mediante un “cigüeñal” e un “tirape” que transmite á pedra de afiar por medio dunha “correa”. Como complemento levan un ou dous “caixóns” nos que gardan: alicates, tezas, martelo e outros útiles; unha “bigornia” de ferro ou aceiro para arrincar os “eixes” das tesoiras e navallas e un “bote” de follalata para a auga. Cando a roda non traballa, quítaselle a correa, cóllese o armazón polas súas patas traseiras e vótase cara a adiante de modo que apoiando a roda no chan, o artefacto, faise facilmente transportable.

Fabricanse en Liñares, concello de Nogueira de Ramuín, na parroquia de San Xoán de Moreiras, e na actualidade na cidade de Ourense.

Dende hai anos, algúns afiadores substituíron a roda pola bicicleta ou pola

motocicleta, adaptándoas ás esixencias do oficio.

Para facerse notar nunha vila, o afiador, leva un “chifre”, instrumento ou “fruta de pao” feito en madeira de buxo e calibrado para producir determinados sons e, ademais, pregoa o seu oficio para diferencialo dos capadores, que tamén utilizan o “chifro”.

Nos continuos ir e vir a través da xeografía peninsular, os afiadores, forman unha comunidade cuns sentimentos de solidariedade moi acentuada entre eles e falan unha “xerga” especial “o barallete”.

Este oficio estivo e está moi representado tanto en Pintura como na Literatura culta e popular de Galicia. No museo de L’Ermitage de Leningrado, consérvase unha pintura do ourensán Antonio Puga (s.XVII) que representa un afiador traballando cunha roda máis rudimentaria cás actuais. Xunto con esta

obra, un debuxo de Antonio Casanova (s. XVIII) e outro de Federico Guisasaola (s. XIX), permítenos seguir a evolución deste instrumento de traballo.

Nos nosos días, seguen realizándose importantes obras con esta temática. O humorista Fernando Quesada, publicou un libro co significativo título “Chispas da roda”.

Nas cantigas populares atópanse abundantes referencias ó personaxe e ó seu instrumento.

6° B.



ANIMAIS SALVAXES

A PITA DO MONTE

A pita do monte (*Tetrao urogallus*) é unha ave de plumaxe negra e castaño con reflexos metálicos, que se pode comparar no tamaño e no peso ó pavo doméstico.

Habita nos bosques de coníferas, tranquilos e claros, que teñan abundante vexetación herbácea, árbores onde durmir e auga potable. Fai o seu niño no chan, nunha lixeira escavación que realiza ó pe dunha árbore.

A súa dieta é omnívora, no verán, a pita do monte, compórtase coma unha ave terrestre, busca o seu alimento no céspede, herbas, crisálidas de formigas, belotas, bagas, pero tamén lagartixas e pequenas cobras. No inverno, compórtase coma unha ave arborícola, alimentándose dos brotes dos pinos e dos abetos. De maneira regular traga pedras para facilitar a dixestión na moella.



A época de celo da pita do monte tivo gran resonancia na literatura cinexética.

Iníciase no mes de marzo, o seu cénit é nos últimos días de abril e remata no primeiro tercio de maio.

Chega no serán, o macho, o seu lugar de celo, voa ata unha árbore, durme nela, nunha pola e emite gritos de reclamo

durante algún tempo. Moi cedo, ó amencer, comeza de novo a reclamar.

O territorio de celo abrangue un círculo de entre cincuenta e cen metros de diámetro. Empoléirase ostentosamente na copa dalgunha árbore ou sobre algunha



pena e emite o seu reclamo, repetindo o mesmo máis de cen veces nunha mañá.

A femia pon entre cinco e doce ovos no buraco do niño, no que se amorean as plumas que lle caen ó longo dos vinteseis días de incubación. Pon un ovo diario que incuba moi concienciadamente non abandonando o niño en ningunha circunstancia.

Case a metade dos pitos morren nas súas primeiras semanas de vida.

A pita do monte é ameazada polos xabarís, os cans e os azores.


A caza desta ave realízase durante a época de celo, xa que é moi esquivo e arisco. A carne é moi apreciada, en particular cando vive en bosques onde abunda o arando.

Desde os anos 80 é especie protexida e non se pode cazar en ningunha época do ano.

O BARCO DA ARDORA

O Barco de cerco á ardora era unha embarcación a motor moi utilizada hai uns anos no Morrazo, sobre todo en Bueu, xa que proporcionaba a fábricas conserveiras como Massó, Attilio e Alonso algún dos produtos fundamentais para a súa actividade: sardiña, xurelo, cabala etc.

3. Caixa – Espacio situado na popa que serve de almacén.
4. Rancho – Lugar, no interior da proa, onde dormen os mariñeiros.
5. Caixonadas – Son divisións feitas con táboas na cuberta do barco, normalmente á popa, onde se almacena a pesca.



Tratábase dunha embarcación de madeira de gran tonelaxe dunhas características especiais, como por exemplo: levar no costado de estribor unha varanda, deixando libre o de babor para traballar co aparello; ter, a diferenza doutros barcos, a maquinilla colocada en posición vertical para poder tirar da xareta (cabo) polo costado, etc.

O barco utilizaba como auxiliar unha chalana, xeralmente de dúas popas, necesaria nas faenas de pesca.

Algúns das partes importantes do barco :

1. Ponte – Onde se atopan o compás, o radar, a sonda etc. utilizados polo patrón para orientarse no mar e observa-la pesca.
2. Motor – No que o motorista coída do manexo e bo funcionamento da máquina.


Algúns dos aparellos importantes:

6. Halador – É un guindastre cunha polea especial para tirar do aparello, utilizado nas embarcacións modernas.
7. Maquinilla – Instrumento mecánico para tirar da xareta.
8. Pastecas – Son poleas pequenas por onde pasa a xareta.
9. Carretel - É unha especie de gran carrete de ferro que enrola a xareta.
10. Compás – Instrumento de orientación que consiste nunha agulla magnética, usada nos barcos para indica-lo seu rumbo.
11. Telefonía – Aparello para a transmisión de mensaxes.
12. Sonda – Instrumento para medir a profundidade do mar.
13. Radar – Aparello para identificar (barcos, rochas, etc.)


Angela, Borja, Irene, Isaac, Sara 6º A

A PESCA DA ARDORA

A pesca da ardora é unha actividade utilizada principalmente para a pesca da sardiña aínda que tamén se capturan outras especies. Denomínase ardora porque os cardumes localízanse pola fosforescencia que estes peixes fan ó nadar. É un tipo de pesca moi practicada nas costas cantábricas e atlánticas do norte de España. O aparello utilizado neste tipo de pesca é o de cerco de xareta, xa estudiado en publicacións anteriores do noso periódico escolar.



A pesca da ardora efectúase pola noite nas augas de pouco fondo, a miúdo preto da costa. Unha vez localizado o peixe, procédese a lanzar ó mar moi lentamente o aparello arredor do banco formando un amplo semicírculo. Largado xa o aparello, con moito tento de non asustar á pesca, recóllese o cabo (xareta) para pecha-lo aparello. Como é frecuente que a pesca queira fuxir, os mariñeiros soen tirar pedras na parte aberta da rede para asustala e obrigala a meterse dentro dela. Feito isto, hai que rematar o cerco e botar o aparello a bordo ata quedar unicamente no mar a enxauga co peixe dentro. Entón, co salabardo, lévase o peixe á cuberta.



Este tipo de pesca pode chamarse tamén: á escurada, á ardentía, á arda etc.

Algún dos instrumentos utilizados na faena de pesca :


1. Salabardo – Rede en forma de saco que pende dun aro forte de ferro ou madeira, suxeito a un mango, que se usa para tira-la pesca das redes grandes.
2. Truel – Galla de rede para manipula-lo peixe a bordo.
3. Aro – Peza de madeira ou ferro de forma circular á que vai unida unha rede en forma de pequeno saco, utilizada para colle-lo peixe.
4. Patela – Cesta pequena para leva-lo peixe.
5. Bourel – Boia composta de moitas cortizas unidas.
6. Pandullo – Instrumento composto por unha cabeza de pedra que vai atada a un cabo, utilizada para bater no mar co fin de asustar ós peixes.

Esteban, Hugo, Lucas, Miguel 6ºA

A CABALA. (*scomber scombrus*)

Descrición.

Peixe peláxico de corpo alongado, en forma de fuso, con fociño afiado e boca ampla provista de dentes agudos. Ollos grandes con pálpebras transparentes. Pode medir ata 50 cm. de lonxitude, sendo a talla media no Atlántico de 40-45 cm. e a do Mediterráneo de 25-30 cm. A súa cor é verde irisada ou azul con manchas transversais escuras na zona dorsal e no ventre branco prateado. Ten as escamas lisas e moi pequenas.



Hábitat e modo de vida.

Esta especie peláxica é abundante en bastantes zonas do Atlántico, Mediterráneo e Mar Negro.

Son peixes fortes e rápidos nadadores que, ás veces, realizan grandes migracións formando grandes cardumes cerca da superficie da auga. Durante o inverno marchan a fondos profundos e suspenden a alimentación.

Alimentación.

Aliméntase de peixes, larvas, ovos, pequenos crustáceos, etc.


Reproducción.

A freza realízase na superficie da auga e a época en que se produce, varía dunhas zonas a outras; na nosa zona ten lugar nos meses de maio- xuño. Os ovos, peláxicos, que quedan soltos (50.000 – 60.000) eclosionan pasados uns 6 días. Os alevíns permanecen ata o outono cerca da costa. Alcanza a madurez sexual ós 2-3 anos e pode vivir ata 20 anos.

O XURELO. (*Trachurus trachurus*)

Descrición.

Peixe peláxico de ollos grandes, fociño afiado e corpo alongado lixeiramente comprimido. Chega a medir ata 40 cm. de lonxitude, sendo a talla media de 28-30 cm. A súa cor é verde ou azul, máis ou menos escuro na parte dorsal e prateado nos laterais e no ventre. Ten unha mancha negra na parte superior do opérculo. As escamas son redondas, pequenas e finas, agás das que forman a liña lateral que se converten en placas óseas provistas dun aguillón central.



Hábitat e modo de vida.

É un peixe nadador rápido que forma grandes bancos. Abundante no Atlántico, estendéndose dende as costas de Noruega ata as africanas de Sudáfrica. Vive en augas libres, con frecuencia en fondos areosos de 10-100 m. de profundidade.

Alimentación.

Aliméntase de pequenos peixes, crustáceos, moluscos, zooplancto, etc.

Reproducción.

A freza realízase , cerca da costa, na primavera. Os ovos son peláxicos e ós poucos días nacen unhas larvas que crecen rapidamente. Ás larvas e ós alevíns é frecuente velos en pequenos grupos baixo medusas ou algas.

Aida, Clara, Raquel C, Raquel G. 6ªA

A CABALA E O XURELO NA COCIÑA

CABALA GUISADA

Ingredientes:

Cabalas - Auga - Cebola – Pemento verde e vermello - Perexil – Tomate – Pemento doce – Aceite – Sal – Patacas .

Límpanse e tóranse as cabalas. Bótaselle un chisco de sal. Ponse ó lume unha cazola, a poder ser de barro, cun chisco de aceite. Pícase a cebola e métese na cazola. Despois engadimos o pemento verde e vermello picado e deixamos dourar. Quitámoslle a pel o tomate, machucámolo, botámolo tamén a dourar e salferimos o pemento doce. Cando todo estea dourado, bótanse poucas patacas finas, un pouquiño de sal e a auga fervida. Deixamos que se cozan as patacas de 10 a 15 minutos. Pasado este tempo colocamos na cazola as cabalas e deixamos que se fagan durante 10 minutos. Se miramos que secan botamos algo máis de auga e se está eslamiado algo máis de sal e...¡listo para comer!

CABALAS EN ESCABECHE

Ingredientes:

800 g. de cabalas frescas – 5 dentes de allo – Aceite de oliva – 1 folla de loureiro - Tomiño – Pemento doce – Vinagre – Sal.

Límpanse ben as cabalas. Pélanse os dentes de allo. Átanse en forma de monllo o tomiño e a folla de loureiro. Sécanse as cabalas e pónense a fritir nunha tixola con aceite ben quente. Colócase o peixe frito nunha cazola plana de barro. Engádese un pouco máis de aceite ó que xa ten a tixola e nel saltéanse os dentes de allo. Cando os allos comecen a tomar cor, engádeselle o monllo de herbas e unha culleradiña de pemento. Mestúrase inmediatamente e régase cun bo chorro de vinagre (1/2 vaso pequeno). Deixar a tixola a lume lento uns dous minutos e verter o contido sobre as cabalas. Déixase arrefriar. Tamén se poden conservar no frigorífico durante uns días.



CABALA Á BRASA

Ingredientes:

4 cabalas grandes- Allo - Perexil - Aceite.

Límpanse as cabalas, ábrense á metade e colócanse nunha bandexa ben estiradas. Pícase o allo e o perexil e engádese un chorro de aceite. Réganse as cabalas, con este adobo, e tamén se lles bota sal. Póñense en repouso unhas 4 ou 5 horas e pasado este tempo ásanse á brasa

CABALA Á BRASA CON FIÚNCHO

Ingredientes:

12 cabalas pequenas ou 4 medianas – Fiúncho fresco – Sal – Pementa – Aceite – Limón.

Acéndese o lume e prepárase unha boa capa de brasas. Entre tanto límpanse, lávanse, sécanse e córtanse as cabalas ó longo do lombo. Sazónanse con sal e pementa, úntanse con aceite e envólvense cos talos finos do fiúncho verde e as súas follas. O fiúncho debe suxeitarse arredor das cabalas cun fío de cocíña. Quéntase e engráxase a grella antes de colocar as cabalas. Despois pónense ó lume de 10 a 12 minutos, dándolle volta se son pequenas, ós dous tercios da cocción. Quítaselle o que quede de fío e fiúncho e réganse con zume de limón antes de servir.

XURELOS Á BRASA

Ingredientes:

Xurelos – Sal – Allo – Perexil – Aceite – Vinagre – Patacas pequenas.

Límpanse os xurelos e pónense con sal. Prepáranse as brasas e cando xa están feitas quéntase ben a grella . Colócanse nela os xurelos e abanícanse. Cando estean asados por un lado dáselle a volta. Unha vez ben asados pónense nunha bandexa. Logo preparamos unha salsa con allo picado, perexil, aceite e un chisco de vinagre. Bótaselle esta salsa por riba dos xurelos. Prepáranse uns cachelos e...¡a comer!

Irene, Raquel G., Sara 6º A

ENTREVISTA A UN ANTIGO ARMADOR DA ARDORA.

Imos tratar de conseguir información relacionada cunha das actividades pesqueiras máis importantes na vila de Bueu hai uns anos, a pesca da ardora. Para o que decidimos entrevistar a un dos armadores que se dedicaron este tipo de faenas durante moitos anos, D. Luis Gómez.

CUESTIONARIO:

¿Como se chamaba o seu barco?

Fun propietario de tres barcos: María en 1954, Fabiola en 1954 e Lisoiros en 1968.

¿Recordas cales eran as súas dimensións?

O María medía sete metros, o Fabiola doce e o Lisoiros vintedous.

¿Cantos mariñeiros compoñían a tripulación?

A tripulación do María era de vinte homes, a do Fabiola vintecatro e a do Lisoiros corenta e cinco.

¿Como se realizaba o traballo no barco?

Os barcos non tiñan os mecanismos actuais e as faenas de pesca facíanse a man.

¿Cal era a principal actividade á que estaba dedicado o barco?

Os meus barcos dedicábanse principalmente á pesca da xareta .

¿Que tipo de aparellos usaban?

Nós utilizabamos aparellos para cerco da xareta feitos de fío de algodón.

¿A que hora se saía do porto para ir faenar?

Normalmente ás catro da tarde para colle-lo asexo.



¿A que hora regresaban?

O lance do amanecer dábase as sete da mañá e ó rematar, volvíamos á porto.

¿Onde ían faenar normalmente?

Faenabamos na Ría de Marín, na Ría de Vigo, na Ría de Muros e en Leixoes na costa de Portugal,

¿Que tipo de especies capturaban?

Á ardora sardiñas e xurelos; e con outras artes pescada, ollomol, bonito ...

¿Cantos lances se daban en xeral cada día?

Dábanse de dous a catro lances cada día.

¿Recordas cal foi a cantidade máis grande de peixe collida nunha xornada?

En total, un día, capturamos oito toneladas.

¿Que medidas se utilizaban para determinar a cantidade de capturas?

A pesca medíase en caixóns.

¿A cantos quilogramos de peso equivalía cada unha delas?

Un caixón equivale a cincuenta quilos de peixe.

¿Onde descargaban e vendían a pesca obtida?

Nas fábricas de Alonso, Massó e Attilio; tamén en galeóns que a recollían no mar.

¿Cal pensa que foi a causa da case desaparición da ardora en Bueu?

Unha das causas penso que foi a colocación de bateas, pois os seus excrementos cunchas etc. son un tóxico para a pesca, sobre todo cando está desovando.

¿Pensa que volverá a recuperarse este tipo de actividade pesqueira?

Creo que non.

Gracias , no nome do Colexio de Beluso, por contestar a tódalas preguntas, xa que nos aclararon moitas das dúbidas que tiñamos sobre este tipo de pesca.

Isaac Gómez 6º A

O MEU DESEXO: VER O MAR

Eu son unha nena de doce anos e, cando tiña dez, ocorreume algo impresionante. ¡Ah! Esquecíame, chámome Ricarda, aínda que a xente chámame Ricardiña a Ruín, porque son traste, desobediente e pegona. ¡Nacín así, que lle vou facer!

Ben, ó que imos. Eu, naquela época vivía na Comunidade de Madrid, nunha vila a que lle chamabamos Pocagua. A única auga que había era a da traída. Non había nin un simple regato naquela vila seca.

No Colexio falabamos das grandes e bonitas praias que había polas costas e nas que a xente pasaba o verán na auga. Eu non son precisamente dunha familia rica, o meu pai morreu sendo mariñeiro (ou polo menos iso foi o que dixeron) e era o único da familia que traballaba.

Os meus amigos chamábanme tola por querer nadar entre as olas. Eu dicíalles que debía ser fantástico pero eles nin caso... ó seu.

Miña nai tiña a costume de comprar lotería para facernos ricos e millonarios e, un día, ¡TOCOULLE!. No verán decidimos ir a Galicia para poder facer realidade o meu desexo e para darlle unha lección ós meus amigos, tamén os levei.

Cando chegamos ¿A que non sabedes a quen vin? ¡Era o meu pai! Non



morrera, o que pasaba era que tivera que quedar alí polo seu traballo e non lle fora posible mandar cartos nin chamar por teléfono. Fomos á praia de Area de Bon e alí coñecín a Nely, Perla e Triski.

Na miña vida o pasara mellor pero ¿sabedes que?, quedei a vivir cerca do mar co meu pai, miña nai e uns amigos estupendos.

Lúa Vilas Comesaña . 6ºB

A CARPETA DOS RECORTES



Os recortes son unha cousa que está moi de moda. Antes cando os nosos tataravós eran nenos, coleccionaban recortes dos xornais que había daquel entón. Ninguén imaxinaba que, de alí a uns anos ía haber revistas de prensa rosa. Agora xa non somos capaces de imaxinar, coa televisión, que antes a xente tiña que entreterse e xogar cuns simples recortes e cambialos cos seus amigos. Na actualidade, chegan a pagar miles de millóns por un simple recorte dos anos 1889-1932. A partir desa data, gardaban recortes que xa están nas mans das revistas máis famosas do planeta.

Contan as lendas que un día, os recortes, desapareceron misteriosamente. Tódolos periódicos quedaron sen eles. Era unha cousa terrible.

Ofrecíase unha recompensa duns 15 millóns de pesetas para quen os atopara, pero todo se complicou aínda máis pois tódala xente dedicouse a falsificar os recortes. Buscaron os orixinais, seguiron buscando e seguiron buscando pero non os deron atopado. Os recortes custaban un diñeiral, cousa que non imaxinaba o que os tiña. A recompensa ofrecida acadou os 30 millóns de pesetas ó saberse que tamén desaparecera o da raíña Papel, antiga ascendente dos monarcas da época.

Tódolos cidadáns buscaron afanosamente os recortes e, entre eles, un veciño esquecedizo que, entre papeis vellos cubertos de po, gardaba os recortes nunha esquecida carpeta

Beti – 6º B

POESÍAS

OS MAIOS

Maios tan fermosos
que se achegan xa,
non hai que facelos
no mes do Nadal.

Vemos que os fan
con follas e fentos.
Deben traballar
para gañar premios.

Con cáscaras de ovos,
flores e fentos,
todos axudaban
para facelo a tempo.

Ó fin todo o pobo
quedou abraiado
ó ver que bonitos
quedaron os maios.

Aida Fernández 6ºA.



A PRIMAVERA

Xa chegou a primavera,
os paxaros e as flores
adornan a pradeira,
relucen tódalas cores.

Todos estamos ledos
cando o sol quenta,
xogamos todo o día
ata tomar a merenda.

Cando chega o verán
á praia imos bañarnos,
imos quentarnos ó sol
e cos amigos xogamos.

Chega o mes de setembro,
empezamos o colexio,
sempre nos mandan deberes,
¿os faremos? ¡que remedio!.

**Nerea
García
5ºA**



UNHA DE GATOS

O gato Pirracas
estaba xelado,
o gato Pirracas
vive no tellado.

Á gata Matea
lle chaman Titea,
a gata Matea
vive na azotea.

Báixate comigo,
teño comidiña,
non sexas parviño
-díxolle a gatiña.

A gata e o gato
casáronse xuntos,
tiveron gatiños
e déronlle puntos.

Sete gatos pardos
tiveron de fillos
e os gatos quedaron
moi, moi contentiños.

Fátima 5ºA

O CABALO

Cabalo de madeira,
preto estás da fogueira
¡coidado co perigo!,
¡coidado que se queima!.

¿Quen puxo alí o cabalo?
o rapaz descoidado.
Cabaliño amarelo,
cabaliño queimado

Forte o vento sopraba,
forte e con treboada,
aparta ó cabaliño
e á fogueira apaga.

¡Que sorte a do cabalo
co gran Deus ó seu lado!
¡Como xoga o meniño!
¡que alegre está o cabalo!.

Clara Gómez 6ºA



O MAR

Ondas grandes e pequenas,
todo cheo de corais,
sinto que é un paraíso
onde eu podo descansar.

As túas cristalinas augas
fanme pensar e soñar
e o canto das túas ondas
son un remanso de paz.



Mecida nas túas augas
sinto que nada está mal,
pero ás veces me sorprende
a túa furia infernal.

Eres para algunha xente
a súa trampa mortal,
en cambio na miña vida
ti eres fundamental.

Irene Álvarez 6ºA.

BELUSO

Beluso é o noso pobo,
un pobo ó redor do mar
onde viven moitos nenos
que sempre queren xogar.

Teñen un colexio bo
e tamén un patio grande
onde eles van xogar
case que tódalas tardes.



A min gústacheme moito
ver os barcos pola ría,
por detrás do faro aquel
cando vén a maruxía.

Ten un cabo moi bonito
onde tamén hai cabalos,
chámase Cabo de Udra
e aquí xa rematamos.

Abel
5ºA

DEPORTES

Dentro das competicións de Balonmán e Futbito por cursos que se disputan nos recreos, nestes intres podemos dar xa os equipos gañadores en Futbito Feminino, Balonmán Feminino e Balonmán Masculino. Por outra parte a competición de Futbito Masculino aínda se está celebrando. Esta demora é debida ó continuo mal tempo que se padeceu neste inverno e que nos impediu utilizar a pista exterior durante moitos días.

EQUIPOS GAÑADORES :

BALONMÁN FEMININO E FUTBITO FEMININO.

4º A

BÁRBARA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ
ROCÍO BLANCO FERRADÁS
BEATRIZ FERNÁNDEZ GALLEGO
ANDREA FERNÁNDEZ PÉREZ
MAIKA MARTÍNEZ MIRANDA
DANA DÍAZ DÍAZ
SHEILA BERNÁRDEZ GÓMEZ
ALBA FERREIRA JUNCAL
CORAL MÉNDEZ BARREIRO

6º A

IRENE ÁLVAREZ GIL
CLARA GÓMEZ COMESAÑA
RAQUEL GOLOBARDAS ALVITE
SARA DURÁN CERVIÑO
RAQUEL CALVIÑO AGULLA
ÁNGELA FERNÁNDEZ PÉREZ
AIDA FERNÁNDEZ OTERO
RUTH A. GARCÍA MARTÍNEZ

BALONMÁN MASCULINO.

4º A

IVÁN CABANELAS PÉREZ
ADÁN L. DOMÍNGUEZ FALCÓN
DANIEL FERRADÁNS FERRADÁS
DIEGO FERRADÁS ALMEIDA
CARLOS FERRADÁS HERBELLO
JUAN M. MARTÍNEZ REIRIZ
JAVIER MARTÍNEZ VALLADARES
ABEL SOAGE FERNÁNDEZ

5º A

VÍCTOR MANUEL AVE RIAL
ALBERTO COSTAS MENDUIÑA
ISAAC FERNÁNDEZ MONTEAGUDO
MIGUEL GARCÍA GARCÍA
ÓLIVER GARCÍA PALANYSAMY
DAVID GÓMEZ GONZÁLEZ
PABLO GONZÁLEZ MARTÍNEZ
ABEL JUNCAL LÓPEZ
JOSÉ MANUEL LEMOS BOUBETA



**¡FELICIDADES ÓS EQUIPOS GAÑADORES E ÁNIMO A
TÓDOLOS PARTICIPANTES EN XERAL PARA QUE
MANTEÑAN A ILUSIÓN POR XOGAR E DIVERTIRSE!**

DEPORTES

Dentro da Competición en Idade Escolar de Tenis de Mesa, 3 equipos deste Colexio gañaron na 1ª Fase. Estes equipos son os seguintes:

ALEVÍN FEMININO

Irene Álvarez Gil
 Ángela Fernández Pérez
 Antía Millán Torres
 Andrea Santos Cruz

ALEVÍN MASCULINO

Miguel García García
 David Gómez González
 Abel Juncal López
 Óliver García Palanysamy

INFANTIL MASCULINO

Julio A. Graña Santos
 David Iglesias Agulla
 Adrián Iglesias Agulla
 Jhonattan Glez. Martínez


Na 2ª Fase da Competición quedaron eliminados os equipos Alevín Feminino e Infantil Maculino, clasificándose o Alevín Masculino para a Fase Final Provincial. Esta Final disputouse o Sábado 28 de Abril e o equipo **Alevín Masculino** deste Colexio quedou **SUBCAMPEÓN PROVINCIAL**.



¡FELICIDADES ÓS TRES EQUIPOS!

Informar tamén que, na categoría Benxamín, os nenos-as de Beluso teñen que xogar entre sí xa que é o único Colexio da zona que conta con participación nesta categoría. Ademais os Benxamíns, en Tenis de Mesa, non entran dentro das Competicións en Idade Escolar organizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, non tendo así opción a xogar ningunha fase oficial deste campeonato.

Os partidos entre os nenos-as Benxamíns de Beluso vanse a celebrar neste mes de Maio.



DEPORTES

O Domingo 25 de Marzo celebrouse o XXI CROSS DE BELUSO. Moitas grazas os nenos-as que viñeron e ós seus delegados, polo seu interese e participación. Agradecemos tamén o interese e dedicación de todas aquelas persoas que fan posible un ano tras outro que se celebre esta tradicional proba.

Temos que resaltar que, a pesares do mal tempo, houbo unha notable participación de atletas, especialmente no noso Colexio, con máis de 150 participantes no total das distintas categorías escolares para un Centro de Infantil e Primaria.

Poñemos a continuación a CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL, dentro dos 10 primeiros, dos nenos-as de Beluso nas distintas probas e a CLASIFICACIÓN POR PUNTOS dos Centros participantes:

NENOS-AS DE 3 ANOS

1. Sergio
2. Eva Mariño
3. Susana López
4. Jorge Pousa
5. Alexia Vidal
6. Cristian Fernández
7. Ángel Otero
8. Manuel Agulla
9. Rosana Parada
10. Andrés Álvarez

NENOS-AS DE 4 ANOS

1. Serafín Martínez
2. Ángel Díaz
3. Sergio Rodríguez
4. Sergio Otero
5. Carla Pereira
6. Salvador Barros
7. Breixo Baena
8. Andrea Sampedro
9. Alba Ferradás
10. Marta López

NENOS-AS DE 5 ANOS

1. Javier Báez
2. Elsa Duarte
3. Adrián Baqueiro
4. Pablo Reiriz
5. Alexandra Martínez
6. Mabel Freire
7. Berto Santaclara
8. Jacobo Soage
9. Raúl Vidal
10. Judit Cerviño

ALEVÍN MASCULINO

9º-Abel Juncal

ALEVÍN FEMININO

6ª-Ángela Otero

BENXAMÍN MASCULINO

10º-Julián Sevilla

BENXAMÍN FEMININO

8ª-María Villanueva

MINIBENXAMÍN MASCULINO

6º-Marcial Golobardas

MINIBENXAMÍN FEMININO

1. Soraya Barreiro
7. Aida Ferradás
8. María Corredoira
9. Nerea Rosas
10. Sandra Smyth

CLASIFICACIÓN DOS CENTROS DE INFANTIL E PRIMARIA:

- 1º-San Narciso.
- 2º-C.E.I.P. Sequelo.
- 3º-C.E.I.P. de Beluso.

CLASIFICACIÓN DOS I.E.S.:

- 1º-I.E.S. "Illa de Ons"-Bueu.
- 2º-Casa de La Virgen-Cangas.
- 3º-Sagrado Corazón-Placeres.



ENREDOS E PASATEMPOS




Barullo de letras

Busca estes termos referidos ó relevo:

- | | |
|------------------|----------------|
| Faladoira | outeiro |
| Faro | serra |
| Xistral | macizo |
| Manzaneda | meseta |

B	O	C	I	E	X	A	B	T	F
C	R	O	A	D	I	B	L	X	A
X	A	R	R	E	S	A	I	B	L
I	F	A	T	X	T	I	O	U	A
A	G	R	F	R	R	M	X	R	D
T	O	Z	I	C	A	M	F	D	O
E	B	X	S	M	L	Z	T	A	I
S	O	R	I	E	T	U	O	P	R
E	E	M	T	T	N	L	D	C	A
M	A	N	Z	A	N	E	D	A	V

Enxerucillado



- España está dividida en 17...
- Continente ó que pertence Galicia
- Mares moi extensos
- Galicia está no hemisferio ...
- Onde habitan os americanos
- Continente máis extenso
- Océano que baña as costas europeas
- Grande extensión de terra


- España está dividida en 17 ...
- Continente ó que pertence Galicia.
- Mares moi extensos.
- Galicia está no hemisferio ...
- Onde habitan os americanos.
- Continente máis extenso.
- Océano que baña as costas europeas.
- Grande extensión de terra.

Adivi

“Ten l
follas
sabe n
(O IO.


Xeroglífico

¿Que fai o teu irmán agora?
.....



Adiviña:

“Arriba brilla e abaixo
dora, chifra que chifra na
chifradora”
(LOSOGTRE)



Adiviña:

“Brúa no alto dos outeiros,
e fai abanea-los
castiñeiros”
(O TOEVN)




	4	11	8
	RI	RA	VA
10	7	14	3
FA	NE	RRA	NA
5	2	9	12
BEI	DO	QUE	NA
	13	6	1
	SE	RA	CAN

Salto do cabalo de xadrez

Seguindo os movementos do cabalo de xadrez atoparás un refrán referido á neve. Escríbeo:

«Can»
.....»



Letras Galegas 2001